

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 20 DE SETEMBRO DE 2019

**Asistentes:**

**Presidenta**

Reboreda Morillo, Susana

**Vicedecano**

Fernández Fernández, Adolfo

**Secretaria**

Cadilla Lomba, Josefina T.

**PDI**

Barrriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

**PDI contratado**

Presedo Garazo, Antonio

**PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa

**Desculpan a súa ausencia:**

**PDI**

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

**Estudantes**

Alejandro Ojea, Mónica

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran á marxe, o venres 20 de setembro de 2019, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 4 de xullo de 2019.

2.- Informe da presidenta (Informe sobre a convocatoria de eleccións para membros da Xunta de Facultade de Historia polos sectores: PDI sen vinculación permanente, estudantes e PAS)

3.- Aprobación, se procede dos seguintes aspectos validados na Comisión de Calidade:

3.1.- Informes do PAT do Grao en Xeografía e Historia e do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

3.2.- Prórroga ou renovación do PAT.

3.3.- Nomeamento dos títolos do PAT para o Grao en Xeografía e Historia, curso 2019 – 2020 e do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

3.4.- Informes de coordinación do Grao en Xeografía e Historia e do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

3.5.- Prórroga ou renovación dos criterios de asignación de materia de Prácticas externas.

4.- Aprobación, se procede, do nomeamento dos novos membros da Comisión de Permanente.

5.- Aprobación, se procede, do nomeamento dos novos membros da Comisión de Calidade.

6.- Aprobación, se procede, do nomeamento dos novos membros da Comisión de Compensación.

7.- Aprobación, se procede, do nomeamento do novo Coordinador de Prácticas Externas, e dos novos membros da Comisión de Prácticas.

8.- Aprobación, se procede, do nomeamento dos novos membros da Comisión de TFG.

9.- Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento do tribunal cualificador dos premios extraordinarios de Grao en Xeografía e Historia.

10.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

## **1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 4 de xullo de 2019.**

O profesor Julio Prada comenta unhas matizacións que indicou por correo electrónico á secretaria da facultade en relación ao punto 5 da acta “*Aprobación, se procede, do novo Regulamento do Traballo Fin de Grao da Facultade de Historia*”. Indica tamén que desexa que conste en acta que no día 4 de xullo se sumou ao rogo formulado pola profesora Elena de Uña respecto que non figuraba no punto 5 da acta “*Rolda e intervencións*”.

Modifícase a acta nos termos solicitados polo citado profesor e apróbase a acta por asentimento.

## **2.- Informe da presidenta (Informe sobre a convocatoria de eleccións para membros da Xunta de Facultade de Historia polos sectores: PDI sen vinculación permanente, estudantes e PAS)**

Comeza a presidenta informando sobre a matrícula de novo alumnado de novo ingreso indicando que se acadaron moi boas cifras, pechándose con 50 estudantes no Grao (tres que pasaron do plan vello ao novo) e 10 no PCEO. É o terceiro ano consecutivo que o grao obtén bos resultados de matrícula, sen dúbida son consecuencia do traballo realizado. Continúan colaborando coa facultade nas labores de difusión a empresa Nasas enfocada á semipresencialidade e Xeitura enfocada ao alumnado presencial, traballando cos institutos e en distintas feiras. Esta última vía estase incrementando e está en proxecto deseñar un stand para realizar tarefas de difusión neste contexto. A maior parte do alumnado é presencial, sendo un motivo de satisfacción. O reitor felicitou á facultade polo traballo realizado por todos no Consello de Goberno.

Este ano haberá que convocar eleccións polos sectores de PDI contratado, estudantes e PAS. Neste momento o alumnado de grao apenas conta con representantes dado que catro deles deixaron de pertencer á xunta de facultade porque finalizaron os seus estudos. Tentarase falar co novo alumnado para que se animen a formar parte dos órganos de goberno da facultade. Hai que facer aquí unha corrección porque na acta do día 25 de xuño indicábase que no sector de alumnado de 3º ciclo Iria Souto García comunicaba que deixaba de pertencer á citada xunta e ás comisións delegadas porque o día 29 do mesmo mes finalizaba o seu contrato. A decana

contactará con ela para explicarlle que todo se debeu a un malentendido e mentres estea matriculada como alumna de terceiro ciclo poderá seguir sendo representante do alumnado polo citado sector.

En relación ao PCEO lamentablemente non se levarán a cabo os cambios de materias solicitados polo alumnado porque, a decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo indicoulle que non se presentará a proposta na Xunta de Centro porque está convencida de que non vai ser aceptado. Susana Reboreda manifesta o seu malestar porque as modificacións resultaban moi lóxicas e sería convinte acometelas para mellorar o plan de estudos. Tamén explica que solicitou á decana que lle entregue por escrito esta decisión para poder comunicarllo ao alumnado.

A finais do mes de xullo saíu en prensa unha noticia relativa á que se implantaría en vindeiros cursos a titulación de Relacións Laborais no Campus de Ourense. A adscrición deste novo título relaciónase co feito de que parece que a Xunta de Galicia non está respectando os acordos coas tres universidades galegas en relación as novas titulacións que se ofertan en Galicia; pon o exemplo de Robótica na USC - Campus de Lugo, que inicialmente consensuarase que era un título de Robótica aplicada ao sector agroalimentario, pero finalmente quedou unicamente como Robótica o que provocou certos problemas dada a similitude con unha titulación que oferta a Universidade de Vigo

Outro exemplo e a decisión da Xunta de Galicia que contemplaba que si se querían implantar novas titulacións sería diminuindo alumnado noutras; por exemplo no campus de Pontevedra a Facultade de Belas Artes non desexaba a titulación de Deseño e Moda porque significaba detraer alumnos doutra titulación (Belas Artes) que está funcionando moi ben. En teoría non se podía ampliar o número de alumnado pero este ano permitiuse que o Grao en Dereito ampliara as súas prazas nas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña. Ante isto os equipos reitorais queren renegociar. Nesta nova fase fálase do Grao interuniversitario de Relacións Internacionais que se implantará nos campus periféricos de Ourense, Lugo e Ferrol; parece ser que Ourense será a sede. Descoñécese a que centro se adscribirá, os máis afíns serían á Facultade de Dereito e a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo; aínda que haberá tamén que ter en conta que esta titulación engloba materias relativas á Historia Contemporánea e Historia Moderna co cal a nosa facultade deberá tamén ser tida en conta neste proxecto.

Iniciáronse os trámites para o que será a primeira universidade privada de Galicia, que ten xa sede nas cidades de Vigo e Coruña. Suponse que se

impartirán estudos relativos ao mundo da empresa e do dereito, de momento todo apunta a que non se impartirán estudos relativos ás humanidades.

En relación ao proxecto deste curso, a proposta do equipo decanal é manter a dinámica e as accións do curso pasado, dado que xa queda pouco para finalizar o mandato, non está previsto novas propostas. A decana explica que hai que ir pensando en buscar un relevo ao equipo decanal porque en xaneiro de 2021 finalizará o seu mandato. Considera que xa pechou un ciclo e que vai sendo hora de que entre xente nova. Fai un chamamento aos membros presentes para que “corran a voz” e que se empece a proxectar o relevo.

Intervén a profesora Elena de Uña para indicar que desexa organizar unha saída de campo os días 14 e 15 de novembro, suxeita a que haxa financiación por parte do centro para atender aos gastos do autobús, o custo da cota de seguro da federación será aproximadamente de 5 euros/persoa. A decana indica que se pode organizar por ser unha actividade máis do centro.

### **3.- Aprobación, se procede dos seguintes aspectos validados na Comisión de Calidade:**

#### **3.1- Informes do PAT do Grao en Xeografía e Historia e do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.**

A coordinadora e o colaborador de Calidade analizaron as respostas das enquisas que os/as respectivos/as titores/as dos cursos pasaron segundo o procedemento contemplado no procedemento vixente do PAT e elaboraron o informe que se xunta coa convocatoria. O número de respostas veuse incrementado respecto ao curso pasado e en xeral mantense as respostas e a media de satisfacción. Apróbase por asentimento o informe do PAT do Grao en Xeografía e Historia. A aprobación do informe do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio retírase da orde do día, por estar pendente a análise dos resultados da última enquisa.

#### **3.2.- Prórroga ou renovación do PAT.**

Dado que hai un par de anos este procedemento pasou por unha renovación profunda e os cambios se mostran oportunos, propónse a prorroga. Apróbase esta por asentimento.

### **3.3.- Nomeamento dos titores do PAT para o Grao en Xeografía e Historia, curso 2019 – 2020 e do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.**

Apróbase os/as seguintes titores/as para o Grao: en primeiro curso Ladislao Castro, en segundo Beatriz Vaquero, en terceiro Susana Reboreda e en cuarto Yolanda Barriocanal. Para o mestrado apróbase a prórroga para Adolfo Fernández Fernández.

### **3.4.- Informes de coordinación do Grao en Xeografía e Historia e do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.**

Tanto a coordinadora do grao como o coordinador do mestrado elaboraron os seus respectivos informes de coordinación que entregaron en tempo e forma, o que agradece a decana como coordinadora de Calidade. Intervén a profesora Beatriz Vaquero, para indicar que todo está funcionando ben e non se rexistraron problemas nin con faitic, nin e-meating, tampouco se rexistraron demandas por parte do alumnado, polo que a dinámica do curso pode considerarse satisfactoriamente positiva.

En relación ao Mestrado, o seu coordinador Fermín Pérez indica que no curso 2018-2019 a matrícula quedou finalmente en 16 persoas o que provocou redución do orzamento, por ese motivo o profesorado da universidade deu as mesmas clases pero non se contabilizou a carga docente efectiva. Pola súa parte o profesorado externo cobrou un 20 % menos. A decana agradece o esforzo realizado. Para o curso 2019-2020 indica que a matrícula vai moi ben e hai xa 20 matriculados con posibilidade de que haxa algún máis. O perfil continúa sendo moi variado, historia, enxeñaría, arquitectura... No relativo a nacionalidades, hai que destacar que hai alumnado de Colombia e Arxentina. Amósase moi contento polas cifras acadadas.

No Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade indica a decana que hai 19 persoas matriculadas e dous delas pola UVigo.

Apróbanse ambos informes por asentimento.

### **3.5.- Prórroga ou renovación dos criterios de asignación de materia de Prácticas externas.**

Dado que os criterios de asignación de prácticas funcionan correctamente, propónse a prórroga dos mesmos. Apróbase a mesma por asentimento.

**4.- Aprobación, se procede, do nomeamento dos novos membros da Comisión de Permanente.**

A finalidade da inclusión deste punto e dos seguintes, era permitir que o alumnado estivera representado neste período no que apenas contan con representación por estar a maioría titulados ata que finalizara o novo proceso electoral que se está iniciando co inicio do novo curso , pero ao non atoparse presente ningún representante por este sector non se pode tratar o punto.

**5.- Aprobación, se procede, do nomeamento dos novos membros da Comisión de Calidade.**

Este punto decae por non estar presentes representantes do alumnado.

**6.- Aprobación, se procede, do nomeamento dos novos membros da Comisión de Compensación.**

Este punto decae por non estar presentes representantes do alumnado.

**7.- Aprobación, se procede, do nomeamento do novo Coordinador de Prácticas Externas, e dos novos membros da Comisión de Prácticas.**

A decana comenta que ao final do curso pasado, tras unha longa traxectoria, a profesora Beatriz Vaquero manifestou o seu desexo de non continuar como coordinadora de prácticas, tomando o relevo no cargo o profesor Domingo Rodríguez Teijeiro. A decana agradece a Beatriz Vaquero os servizos prestados. A Comisión de Prácticas Externas queda integrada pola Decana, o Coordinador, un representante do PDI, Xosé Ramón Campos, un representante do PAS, Josefina Cadilla Lomba. A praza de representante de alumnado queda vacante por non estar presentes representantes de este sector na Xunta de Centro.

Apróbase por asentimento.

**8.- Aprobación, se procede, do nomeamento dos novos membros da Comisión de TFG.**

Este punto decae por non estar presentes representantes do alumnado.



**9.- Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento do tribunal cualificador dos premios extraordinarios de Grao en Xeografía e Historia.**

Apróbase que se prorroguen as persoas que formaban parte do tribunal o ano pasado agás Jesús de Juana que será substituído por Julio Prada.

**10.- Rolda de intervencións.**

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.10 h do día 20 de setembro de 2019, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba